

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE
O DÍA 6 DE XUÑO DE 2016.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día seis de xuño de dous mil dezaseis; as doce do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente Don José Ignacio Gómez Pérez.- Concelleiros: Don Ricardo González Amaro, Dona Maria López Touza e Don Javier Iglesias Sendín.-

Está presente o Secretario-Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado trinta de maio de dous mil dezaseis (ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.--

Non houbo.-

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIDADÁNS.-

ACOMETIDAS DE AUGA PARA USO INDUSTRIAL.-

1.- Visto o escrito presentado por **Don Ashraf Muhammad**, con domicilio na rúa Progreso nº 13, baixo Ribadavia, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmoible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso industrial, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 02-06-2016 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

Como Secretario fago referencia aos acordos adoptados en Xunta de Goberno Local de 12 de decembro de 2011.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

- Convenio de colaboración entre a Axencia Galega das Industrias Culturais e o Concello de Ribadavia para o desenvolvemento de accións relacionadas coa trixésimo segunda edición da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia.

- Da Conselleira de Economía, Emprego e Industria, Resolución de data 23.05.2016, relativa a concesión de subvención para a habilitación e mellora da infraestrutura do parque empresarial (Mellora da eficiencia enerxética na rede de alumado público) ao abeiro da Orde do 28.12.2015, por importe de 22.948,46 euros.

- Da Conselleira de Economía, Emprego e Industria, Resolución de data 23.05.2016, relativa a concesión de subvención para a habilitación e mellora da infraestrutura do parque empresarial (Mellora do vial de acceso o parque empresarial) ao abeiro da Orde do 28.12.2015, por importe de 97.008,30 euros.

- De Aqualia escrito de data 02.06.2016 relativo a contestación de requerimento efectuado pola Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade.

- Do Colexio oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia, remitindo Convenio Marco de Colaboración entre o Il. Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), para a realización de prácticas formativas no Concello e Deputación de Galicia, por enxeñeiros industriais.

- Da Xefatura Territorial do Servizo de Emprego e Economía Social, Resolución de 01.06.2016 concedendo subvención para a contratación temporal de persoas en situación de desemprego para a realización de obra ou servizo determinado "Grupo de Auxilio na Piscina".

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

ACORDO DE RESOLUCION DE CONTRATO

Visto o escrito de Don David Mendez Cepeda en representación de EULEN S.A., con data RE 16 de maio de 2016 n° RE 2164, relativo a solicitude de resolución do contrato denominado "Servicios deportivos no polideportivo o Consello".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes acorda resolver o contrato denominado "Servicios deportivos no polideportivo o Consello", sendo efectivo o mesmo con data 30.05.2016.

CONTRATO DA OBRA DENOMINADA "ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS DO CONCELLO DE RIBADAVIA".-

Dase conta do proxecto para a execución da obra denominada "Mellora de camiños municipais de acceso as explotacións agrarias", obra encadrada dentro do Plan Marco: Mellora de camiños municipais de acceso a explotacións agrarias 2016.

De seguido o Sr. Alcalde somete a aprobación do expediente de contratación relativo a obra referenciada, por un importe de 50.596,15 euros.

No expediente constan os seguintes elementos:

- Informe de intervención de data 06.06.2016.
- Prego de prescricións técnicas de data 06.06.2016.

A Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade o seguinte:

1. Aprobar un gasto por importe de 50.596,15 € IVE incluído.
2. Aprobar o proxecto denominado “Mellora de camiños municipais de acceso as explotacións agrarias”, redactado polo enxeñeiro do Medio Rural, Don Salvador Añel Prada, cun importe de 50.596,15 euros.
3. Aprobar o Prego de Prescricións técnicas para a contratación por procedemento negociado sen publicidade da obra denominada “Mellora de camiños municipais de acceso as explotacións agrarias”.
4. Invitar alomenos a tres empresas co obxecto de que presenten propostas económica para a execución de dita obra, relacionando o Sr. Alcalde as seguintes empresas a invitar: Construcciones Lemos Martínez S.L., Aopil S.L., Construccións, Excavacións e Edificacións López Carballal S.L. e Construccions Rumajo 3 S.L..

APROBACIÓN DOS PADRÓNS DO IBI.

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a aprobación do Padrón do Imposto de Bens Inmóbeles de natureza urbán correspondente o exercicio de 2016, por importe total de 908.901,12 euros. Asemade, a Xunta de Goberno Local, acorda, por unanimidade, establece-lo período voluntario de cobro do devandito Padrón entre o vindeiro 1 de Xullo e o 31 de Agosto de 2016, ámbolos dous inclusive.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a aprobación do Padrón do Imposto de Bens Inmóbeles de natureza rústica correspondente o exercicio de 2016, por importe total de 3.210,11 euros. Asemade, a Xunta de Goberno Local, acorda, por unanimidade, establece-lo período voluntario de cobro do devandito Padrón entre o vindeiro 1 de Xullo e o 31 de Agosto de 2016, ámbolos dous inclusive.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a aprobación do Padrón do Imposto de Bens Inmóbeles de características especiais correspondente o exercicio de 2016, por importe total de 31.367,96 euros. Asemade, a Xunta de Goberno Local, acorda, por unanimidade, establece-lo período voluntario de cobro do devandito Padrón entre o vindeiro 1 de Xullo e o 31 de Agosto de 2016, ámbolos dous inclusive.”

APROBACIÓN DE BASES DE SELECCIÓN DE OPERARIO DE INSTALACIONES DEPORTIVAS.-

Dase conta por parte do Secretario da proposta de alcaldía de data 06.06.2016, , relativa a aprobación dunhas bases para selección de persoal para cubrir unha praza de operario de instalacións deportivas.

No expediente constan os seguintes elementos:

1. Bases de selección asinadas polo Alcalde en data de 06.06.2016.
2. Informe de intervención de data 06.06.2016.
3. Informe xurídico de data 06.06.2016.



Concello de Ribadavia

A Xunta de Goberno Local deliberado sobre o particular acorda por unanimidade dos seus asistentes proceder a aprobación e convocatoria das Bases de selección de persoal laboral temporal para cubrir unha praza de operario de instalacións deportivas.

6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as doce e media do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.